



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Centro Galego de Tecnificación Deportiva

Padre Fernando Olmedo, 3

Teléfono: 986 854 437 – Fax: 986 847 510

Correo electrónico: cgtd@xunta.es



**CONVOCATORIA DOS PROGRAMAS DE TECNIFICACIÓN E RENDEMENTO DEPORTIVO NO
CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA
CURSO 2013/14**

1 DE XUÑO DE 2013



DOCUMENTACIÓN E PLAZOS:

As federacións deportivas que soliciten ter un grupo de adestramento de Tecnificación deportiva ou de Rendemento deportivo no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) para o vindeiro curso 2013/14, deberán presentar no CGTD **antes das 14:00h. do 17 de xullo**, a súa solicitude.

Toda a documentación desta convocatoria será enviada, vía correo electrónico, ás federacións.

Tamén poderase recoller no propio CGTD así como na Secretaría Xeral para o Deporte.

Tódolos documentos serán orixinais e deberán estar asinados e selados.

A Secretaría Xeral para o Deporte ditará resolución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a data límite para a presentación da documentación requirida.

Os programas poderán ser revogados ao longo do curso, nas seguintes circunstancias:

- A instancia do presidente da federación galega correspondente, co acordo da asemblea xeral da súa federación.
- Por resolución do Secretario Xeral para o Deporte, tralo trámite de audiencia ao presidente da federación galega correspondente, polo incumprimento grave das obrigas reflectidas nesta convocatoria e/ou no regulamento de réxime interno do centro.

A solicitude presentárase segundo a instancia recollida no anexo I.

Deberá achegarse a seguinte documentación:

| DOCUMENTACIÓN | UNIDADES |
|---|--------------|
| Anexo I: Solicitude de renovación do programa de tecnificación e/ou rendemento. | 1 |
| Anexo II: Proxecto de tecnificación e/ou de rendemento para o curso 2013/14. | 1 |
| Anexo III: Proposta do equipo técnico. | 1 por persoa |
| Anexo IV: Adestrador responsable da sección deportiva: declaración de non incompatibilidade. | 1 |
| Anexo V: Adestrador responsable da sección deportiva: coñecemento das súas funcións. | 1 |
| Anexo VI: Adestrador responsable de grupo de adestramento: coñecemento das súas funcións. | 1 por persoa |
| Anexo VII: Valoración dos deportistas. | 1 por persoa |



EQUIPO TÉCNICO:

- 2.1 O equipo técnico estará formado, obrigatoriamente, por:
- Un adestrador responsable da sección deportiva.
 - Un ou varios adestrador/es responsable/s de grupo.
- 2.2 O adestrador responsable da sección deportiva é a persoa con maior responsabilidade desa sección deportiva no CGTD. Requisitos:
- Titulación: Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de Técnico Deportivo Superior, ou Adestrador Deportivo de Nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.
 - Experiencia: acreditar un mínimo de 3 anos como adestrador.
 - Non estar afectado por incompatibilidade.
 - Deberá estar presente nos adestramentos.
- 2.3 Adestrador de grupo: ten a responsabilidade do seu grupo de adestramento. Requisitos:
- a) Titulación: Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou título de Técnico Deportivo Superior, ou Adestrador Deportivo de Nivel III ou equivalente da modalidade deportiva correspondente.
 - b) Experiencia: acreditar un mínimo de 3 anos como adestrador.
 - c) Non estar afectado por incompatibilidade.
 - d) Deberá estar presente nos adestramentos do seu grupo.
 - e) Exercerá de substituto do adestrador responsable en caso de ausencia.
- 2.4 Os membros do equipo técnico non poderán adestrar a outros deportistas no horario do grupo de adestramento do CGTD sen autorización da Dirección.
- 2.5 A Secretaría Xeral para o Deporte poderá desestimar a proposta do responsable dos programas e/ou doutros membros do equipo técnico feita pola federación deportiva que solicita a autorización, fundamentando a súa decisión no incumprimento dalgún dos requisitos anteriores, ou na falta de compromiso co proxecto educativo do centro.
- 2.6 A relación laboral entre os membros do equipo técnico e a federación deportiva da que dependen, deberá axustarse en todo momento á lexislación laboral vixente.



3. DEPORTISTAS:

- 3.1. Os deportistas deberán ser avaliados polos responsables técnicos da federación deportiva encargada do programa.
- 3.2. A relación de deportistas deberá incluír tanto aos deportistas renovados coma aos de nova incorporación.
- 3.3. Os deportistas deberán ter residencia en Galicia e/ou licenza nun club galego expedida pola federación correspondente. Admitiranse excepcións que non cumpran estes requisitos no grupo Elite.
- 3.4. Os deportistas con praza de Residencia ou de Externo 1, deberán ter promocionado de curso (non consideramos a promoción por imperativo legal). Excepcionalmente poderase considerar a posibilidade de repetición daqueles deportistas cuxas federacións xustifiquen que participaron, con posibilidade de seguir participando, en Campionatos de Europa, do Mundo e/ou Xogos Olímpicos.
- 3.5 A duración das bolsas será dende o 1 de setembro ata o 31 de xullo, exceptuando o grupo de residentes de tecnificación que rematará a última semana de clases no mes de xuño.

4. TIPOS DE PRAZA:

- 4.1. **Para o grupo de Tecnificación:** deportistas que fagan 15, 16, 17 ou 18 anos no 2014 (nados nos anos 1999, 1998, 1997 e 1996).

Praza de Residente: residentes fóra do Concello de Pontevedra.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, aloxamento e manutención completa na residencia, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.

Praza de Externo 1: residentes no Concello de Pontevedra.

Beneficios da praza: matrícula no IES adscrito ao centro, xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo, servizo de fisioterapia e titoría.



4.2. Para o grupo de Rendemento:

Praza de Residente: deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2014 (nados do ano 1995 ao 1989) que residan fóra do Concello de Pontevedra, que estean matriculados nalgún centro educativo.

Segundo esta orde de prioridades ata cubrir as 10 prazas ofertadas.

1º) Deportistas, que remataron a súa bolsa como residentes de tecnificación, que teñan posibilidades de competir nos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Río de Janeiro 2016.

2º) Deportistas que teñan posibilidades de competir nos Xogos Olímpicos/Paralímpicos de Río de Janeiro 2016.

3º) Deportistas que formen parte habitual do equipo nacional.

Beneficios da praza: aloxamento e manutención completa, servizo de lavandería, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo 2: deportistas que fagan de 19 a 25 anos no 2014 (nados do ano 1995 ao 1989).

Segundo esta orde de prioridades ata cubrir as 30 prazas ofertadas.

1º) Para deportistas participantes no Cto. do Mundo ou de Europa nos anos 2012 ou 2013.

2º) Para deportistas que estean entre os 2 primeiros postos do ránking nacional da súa categoría na presente tempada (2012/2013).

3º) Para deportistas campións ou subcampións de España na súa modalidade no ano 2013.

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, incorporación ao grupo de adestramento da súa modalidade, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Elite: para deportistas con participación nos últimos XXOO, Xogos Paralímpicos, Ctos. do Mundo ou de Europa de categoría absoluta, e/ou que estean entre os 2 primeiros postos do ránking nacional na presente tempada (2012/2013).

Beneficios da praza: xantar no comedor da residencia, instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

Praza de Externo 3: para deportistas maiores de idade

- Que quedaran nos postos 3º ou 4º no Campionato de España do ano 2013 ou que ocupen estas posicións no ránking nacional na presente tempada (2012/2013).

- Que xustifiquen ter a condición de DGAN e/ou DAN en vigor.



Beneficios da praza: instalacións deportivas, servizo médico-deportivo e servizo de fisioterapia.

- 4.3. **Adestrador residente:** que estea proposto como parte do equipo técnico da respectiva federación para a tempada 2013/2014.

5. NÚMERO DE PRAZAS:

- 5.1. Convócanse un máximo de 180 prazas:

- Ata 70 prazas de Residente (Grupo tecnificación)
- Ata 10 prazas de Externo 1 (Grupo tecnificación)
- Ata 10 prazas de Residente (Grupo rendemento)
- Ata 30 prazas de Externo 2 (Grupo rendemento)
- Ata 20 prazas de Elite (Grupo rendemento)
- Ata 40 prazas de Externo 3 (Grupo rendemento)
- Ata 3 prazas de Adestrador residente

- 5.2. A Secretaría Xeral para o Deporte, vista a proposta da comisión de selección, poderá cubrir ou non a totalidade das prazas ofertadas.

6. COMISIONS DE ANÁLISE:

- 6.1. Haberá unha por cada federación galega que solicite a renovación do seu programa e estará formada por:

- a) Presidente da federación galega correspondente.
- b) Director técnico da federación galega correspondente.
- c) Directora do CGTD.
- d) Subdirectora do CGTD.
- e) Un representante da Secretaría Xeral para o Deporte.

- 6.2. Funcións:

- Analizar a documentación presentada pola federación.
- Comprobar o cumprimento dos diferentes aspectos da convocatoria.
- Chegar a un acordo provisional na asignación das prazas, que será proposto á comisión de selección.



7. COMISIÓN DE SELECCIÓN:

7.1. Estará formada por:

- a) Subdirector Xeral para o deporte.
- b) Directora do CGTD.
- c) Subdirectora do CGTD.
- d) Un representante da Secretaría Xeral para o Deporte.

7.2. Funcións:

- Valorar as propostas das comisións de análise.
- Elevar ao Secretario Xeral para o Deporte a proposta de renovación ou de rexeitamento dos programas presentados polas federacións.
- Elevar ao Secretario Xeral para o Deporte a proposta de asignación de prazas.

Para esta proposta valoraranse:

- As prazas actuais de cada modalidade deportiva.
- Os programas propostos polas federacións.
- As propostas de asignación de prazas das diferentes comisións de análise.
- Os resultados deportivos de cada modalidade, valorando o número de participantes e as licenzas da modalidade.

Santiago a 26 de xuño de 2013

José Ramón Lete Lasa
Secretario Xeral para o Deporte